

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18668 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 864/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro. («BOE» 240, do 6-10-2001.)*

Advertidos erros no texto do Real decreto 864/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 12, do 16 de agosto de 2001, procédese a efectuar as oportunas modificacións:

Páxina 824, no título do regulamento, onde di: «... de xaneiro, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social», debe dicir: «... de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro».

Páxina 826. No artigo 7, número 1, letra c), onde di: «... no número 7 do artigo 89», debe dicir: «... no número 6 do artigo 89».

Páxina 827. No artigo 9, número 2, primeiro parágrafo, onde di: «... da oferta de traballo, de...», debe dicir: «... da oferta de emprego, de...».

Páxina 828. No artigo 11, número 1, letra g), onde di: «... co número 7 do artigo 89», debe dicir: «... co número 6 do artigo 89».

Páxina 829. No artigo 14, número 1, primeiro parágrafo, onde di: «... copia, no prazo dun mes, da petición...», debe dicir: «... copia, en prazo, da petición...».

Páxina 829. No artigo 14, número 3, primeiro parágrafo, onde di: «... da oferta ou contrato de traballo...», debe dicir: «... da oferta de emprego ou contrato de traballo...».

Páxina 829. No artigo 14, número 3, segundo parágrafo, onde di: «... no número 7 do artigo 89...», debe dicir: «... no número 6 do artigo 89...».

Páxina 836. No artigo 42, número 1, primeiro parágrafo, onde di: «... sempre que as saídas correspondentes non se realizasen de forma irregular, e non afectando á dita continuidade...», debe dicir: «... non afectando á devandita continuidade, sempre que as saídas correspondentes non se realizasen de forma irregular...».

Páxina 840. No artigo 50, número 2, onde di: «... permiso de residencia por circunstancias excepcionais...», debe dicir: «... permiso de residencia temporal por circunstancias excepcionais...».

Páxina 840. No artigo 51, número 1, onde di: «... permisos de residencia por circunstancias excepcionais...», debe dicir: «... permisos de residencia temporal por circunstancias excepcionais...».

Páxina 840. No artigo 51, número 4, onde di: «... permiso de residencia por circunstancias excepcionais...», debe dicir: «... permiso de residencia temporal por circunstancias excepcionais...».

Páxina 842. No artigo 56, número 4, segundo parágrafo, onde di: «... permiso de residencia por circunstancias excepcionais, eximirase...», debe dicir: «... permiso de residencia temporal por circunstancias excepcionais, eximirase...».

Páxina 842. No artigo 56, número 10, onde di: «... na sección 20 de...», debe dicir: «... na sección 2.^a de...».

Páxina 854. No artigo 83, número 3, onde di: «... funcional da dita oficina da área ou...», debe dicir: «... funcional do director da área ou...».

Páxina 857. No artigo 91, subnúmero 2.1, letra d), onde di: «... navegación de cabotaxe insular», debe dicir: «... navegación de cabotaxe tanto peninsular como insular».

Páxina 868. No artigo 140, número 1, onde di: «... en materia de estranxeiría no ámbito...», debe dicir: «... en materia de estranxeiría e inmigración no ámbito...».

Páxina 869. No artigo 142, número 1, letra a), onde di: «... polos ditos servicios policiais», debe dicir: «... polos servicios policiais das propias oficinas».

Páxina 869. No artigo 143, número 5, onde di: «... será nomeado e cesado polo subsecretario de Administracións Públicas, por proposta conxunta dos ministerios do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais, polo procedemento de libre designación, entre...», debe dicir: «... será nomeado, polo sistema de libre designación, e cesado, se é o caso, polo subsecretario de Administracións Públicas, por proposta conxunta dos ministerios do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais, entre...».

Páxina 870. Na disposición adicional sexta, onde di: «... de Traballo e Asuntos Sociais, con base no...», debe dicir: «... de Traballo e Asuntos Sociais, os delegados do Goberno e subdelegados do Goberno baixo a dependencia funcional destes dous últimos ministerios, con base no...».

MINISTERIO DE DEFENSA

18896 *REAL DECRETO 1064/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal militar profesional. («BOE» 244, do 11-10-2001.)*

A Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, en diante a lei, establece como un dos seus obxectivos asegurar que os exércitos dispoñan dos mellores profesionais nos empregos máis elevados de cada escala, coas aptitudes e idades axeitadas, para conseguirla máxima eficacia das Forzas Armadas, así como do persoal capacitado para desempeñar os labores dos diferentes postos da organización militar.

Precisar quen son os máis capacitados require o uso de procedementos que permitan identificar e cuantificarlo mérito, a capacidade, a preparación e a dedicación de cada un dos seus compoñentes. Iso lógrase por medio das avaliacións que, aplicadas con carácter xeral, permiten determina-la aptitude para o ascenso ó emprego superior, a idoneidade para o desempeño de distintos labores, a selección de concorrentes a determinados cursos de capacitación, as facultades profesionais e psicolóxicas e, no caso particular dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría unha relación de servicios de carácter temporal, comprobar que satisfán os requisitos establecidos para a concesión de novos compromisos ou para a resolución do que tivesen.

Así mesmo, tamén requirirá ser avaliado o militar profesional de tropa e mariñeiría que pretenda acceder a unha relación de servicios de carácter permanente.

A Lei 17/1999, do 18 de maio, especifica os órganos encargados de efectuar as avaliacións e, neste sentido, concreta que salvo as relativas ó ascenso a xeneral de brigada/contralmirante ou que afecten á categoría de

oficiais xenerais, que serán realizadas polo consello superior do exército correspondente, as demais serán efectuadas polas xuntas de avaliación. Tamén establece que regulamentariamente se determinará a composición das xuntas, as incompatibilidades dos que as compoñen e as normas de funcionamento.

En relación co sistema de ascensos, a Lei 17/1999, do 18 de maio, incorpora novos conceptos ós xa definidos, ó respecto, na Lei 17/1989, do 19 de xuño, reguladora do réxime do persoal militar profesional e, así, matízase o sistema de ascenso por selección, definindo, dentro deste e como novidade, un sistema de retencións que permitirá, sen chegar á declaración de non aptitude para o ascenso, atrasalo ou declara-la permanencia nos seus empregos militares dos avaliados que sexan retidos por segunda vez. Así mesmo, inclúese o ascenso por antigüidade con reordenación de promocións a comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais.

As modificacións introducidas nos sistemas de ascensos pola Lei 17/1999, do 18 de maio, a implantación do modelo de Forzas Armadas profesionais, coas repercusións que este tivo sobre o persoal profesional de tropa e mariñeiría, e a conveniencia de dispoñer dun único texto que englobe o desenvolvemento regulamentario de cada unha das materias tratadas neste preámbulo, aconsellan a elaboración dun novo regulamento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de setembro de 2001,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal militar profesional, o texto do cal se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Modificación do artigo 5 do Real decreto 1928/1991, do 20 de decembro.*

Modifícase o artigo 5 do Real decreto 1928/1991, do 20 de decembro, polo que se adapta ás escalas declaradas a extinguir o réxime do persoal militar da Lei 17/1989, do 19 de xullo, no sentido seguinte:

«Nas escalas a extinguir nas que exista máis dun emprego, o ascenso ó inmediato superior rexeráse polo sistema de antigüidade que dispón a Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, e con ocasión de vacante na escala correspondente.

Para o ascenso a calquera emprego é preceptivo ter cumpridas as condicións xerais que dispón o artigo 15 do Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal militar profesional.

Os tempos mínimos de servizo ou de función que deben perfeccionarse para o ascenso son os establecidos no Real decreto polo que se aproba o Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal militar profesional, para as escalas de oficiais ou suboficiais do respectivo exército, nos cadros de persoal do cal contabilízanse.

Para as escalas declaradas a extinguir os efectivos das cales contabilízanse en escalas de oficiais ou suboficiais dos corpos xerais ou de infantaría de Mariña esixírase como tempo de función para o ascenso a cada emprego o mesmo número de

anos que se esixe como tempo de mando nas escalas nos cadros de persoal do cal contabilízanse.

Salvo o establecido na disposición adicional primeira, en ningunha escala existirán máis limitacións para o ascenso que as que se deriven da aplicación deste real decreto.»

Disposición derogatoria primeira. *Disposicións obxecto de derogación.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Real decreto 1622/1990, do 14 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de avaliacións, clasificacións e ascensos do persoal militar profesional.

b) Os artigos 19, 20 e 21 do regulamento aprobado polo Real decreto 984/1992, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de tropa e mariñeiría profesionais das Forzas Armadas.

c) Os artigos 21 e 22 do regulamento aprobado polo Real decreto 537/1994, do 25 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do militar de emprego da categoría de oficial.

Disposición derogatoria segunda. *Alcance da derogación normativa.*

Así mesmo, quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Prazo de determinación de méritos e normas obxectivas de valoración.*

No período de tempo comprendido entre a entrada en vigor do presente real decreto e o 20 de maio de 2002, o ministro de Defensa determinará con carácter xeral os méritos e aptitudes que deben consideralos órganos de avaliación de acordo coa finalidade da propia avaliación, así como as normas obxectivas de valoración.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Defensa para dictar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,
FEDERICO TRILLO-FIGUEROA Y MARTÍNEZ-CONDE

REGULAMENTO DE AVALIACIÓNS E ASCENSOS DO PERSOAL MILITAR PROFESIONAL TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Definicións.*

Para os efectos do establecido no articulado do presente regulamento de desenvolvemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, entenderase como:

a) Tempo de servizos: o tempo transcorrido nas situacións de servizo activo e servizos especiais, así

como na de excedencia voluntaria, por ingreso polo sistema de acceso directo, como alumno dos centros docentes militares de formación.

Tamén terá a consideración de tempo de servicios o transcorrido nas situacións de suspenso de emprego e suspenso de funcións cando se dean as circunstancias que se establecen, respectivamente, nos artigos 142.5 e 143.4 da lei.

b) Tempo de mando: o tempo necesario para o ascenso que teñen que cumprí-los membros dos corpos xerais e de infantaría de Mariña, ou militares de complemento adscritos a estes, realizando labores directamente relacionados coa preparación e emprego da forza.

c) Tempo de función: o tempo necesario para o ascenso que teñen que cumprí-los membros dos corpos de intendencia, enxeñeiros e especialistas dos exércitos, así como os dos corpos comúns das Forzas Armadas, ou militares de complemento adscritos a estes, realizando labores propios dos seus corpos.

d) Escalafón: ordenación dos militares de carreira pertencentes a un corpo e a unha escala. Este concepto esténdese ós militares de complemento e ós militares profesionais de tropa e mariñeiría; os primeiros quedarán ordenados por cada corpo ou, se é o caso, escala á que estean adscritos, e para os segundos, dentro de cada exército, haberá un ordenamento independente para cada unha das especialidades.

A orde de escalafón estará determinada pola cualificación obtida ó concluí-lo ensino militar de formación e só poderá alterarse, con carácter xeral, por aplicación dos sistemas de ascenso, a normativa sobre situacións administrativas e as leis penais e disciplinarias. E, con carácter particular, por cambio de corpo dos militares de carreira e de especialidade dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.

e) Orde de clasificación: a orde resultante das avaliacións en todos aqueles casos en que se requira unha nova ordenación dos avaliados.

f) Ciclo de ascensos: período de tempo durante o cal produce efecto unha avaliación para o ascenso polos sistemas de selección e elección. A duración do ciclo de ascensos será, con carácter xeral, dun ano, comezando o día 1 de xullo e finalizando o día 30 de xuño do ano seguinte.

g) Zonas do escalafón: serán, en cada corpo e escala, ou especialidade no caso de que se trate de militares profesionais de tropa e mariñeiría, a parte do escalafón de cada emprego militar que contén ós que poidan ser avaliados para o ascenso.

h) Cursos de capacitación: proceso de ensino militar de perfeccionamento impartido nun período de tempo determinado, a finalidade do cal é a preparación do militar profesional para o desempeño dos labores de empregos superiores a través da ampliación ou actualización de coñecementos e que, como requisito para o ascenso a determinados empregos, inflúe na demostración de aptitudes para os efectos da avaliación correspondente.

i) Facultades profesionais: conxunto de coñecementos, aptitudes e calidades que capacitan o militar para o axeitado desempeño da súa actividade profesional.

j) Condicións psicofísicas: conxunto de aptitudes e calidades psicofísicas que se requiren para o desempeño de determinados cargos, destinos e a permanencia no servizo.

k) Normas obxectivas de valoración: pautas que establecen os criterios obxectivos para valorar e cuantifica-los méritos e aptitudes do persoal militar en función da finalidade da avaliación á que vaia ser sometido e fixan os coeficientes de valoración dos diferentes destinos, especialidades e títulos.

l) Promoción: en cada corpo e escala entenderase como promoción a composta polos que se incorporan

á citada escala procedentes de acceso directo e promoción interna no mesmo ciclo anual e por aqueles que queden intercalados entre os seus compoñentes, como consecuencia de modificacións na súa posición no escalafón, pola aplicación do sistema de ascensos ou da normativa sobre situacións administrativas, ou das leis penais e disciplinarias militares, ou pola súa integración nesa escala por cambio de corpo.

Os que quedasen intercalados entre o último compoñente dunha promoción e o primeiro da seguinte incorporaranse á primeira delas.

TÍTULO I

Avaliacións e órganos de avaliación

Artigo 2. *Finalidade das avaliacións.*

1. Os militares de carreira, os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría serán avaliados, nos casos en que lles afecte, para determinar:

- A aptitude para o ascenso ó emprego militar superior.
- A selección de concorrentes a determinados cursos de capacitación.
- A asignación dos cargos de xefe de unidade, centro ou organismo que se fixen e outros destinos de especial responsabilidade ou cualificación.
- A insuficiencia de facultades profesionais.
- A insuficiencia de condicións psicofísicas.

2. Os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal tamén serán avaliados para contraer novos compromisos ou, se é o caso, para a resolución do que tivesen asinado.

3. Así mesmo, o militar profesional de tropa e mariñeiría será avaliado cando pretenda acceder a unha relación de servizos de carácter permanente.

Artigo 3. *Normas xerais.*

1. En cada avaliación analizaranse as circunstancias dos interesados reflectidas na seguinte documentación:

- O historial militar.
- A información complementaria achegada polo interesado, por iniciativa propia, sobre a súa actuación profesional e que, sendo de interese, puidese non estar reflectida no seu historial militar.
- As certificacións ás que se refire a Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.
- Calquera outro informe complementario que estime oportuno o órgano de avaliación.

2. O ministro de Defensa, por proposta do subsecretario de Defensa e dos xefes dos Estados maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, determinará con carácter xeral os méritos e aptitudes que deben considera-los órganos de avaliación de acordo coa finalidade das avaliacións, así como as normas obxectivas de valoración, que incluírán os coeficientes de valoración dos diferentes destinos, especialidades e títulos. As devanditas normas obxectivas publicaranse no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

Tamén aprobará as bases xerais das convocatorias e os requisitos e circunstancias aplicables ó concurso ou concurso-oposición para a selección de concorrentes ó curso de capacitación para o desempeño dos labores correspondentes ó emprego de cabo primeiro.

Igualmente, aprobará as bases xerais das convocatorias e os requisitos e circunstancias aplicables ó concurso ou concurso-oposición para o ascenso a cabo, podendo incluír, entre os citados requisitos, un curso de capacitación para o ascenso a cabo en función do ensino recibido para a adquisición da especialidade.

Artigo 4. *Órganos de avaliación e as súas funcións.*

1. As avaliacións serán efectuadas polos órganos de avaliación atendendo ós méritos e aptitudes dos avaliados e ás normas obxectivas de valoración.

2. Son órganos de avaliación:

A) O Consello Superior do Exército de Terra, o da Armada e o do Exército do Aire, e as xuntas superiores dos corpos comúns das Forzas Armadas, ós que lles corresponden as avaliacións para o ascenso ó emprego militar de xeneral de brigada/contralmirante ou que afecten a oficiais xenerais, salvo nos casos relativos á determinación de insuficiencia de condicións psicofísicas.

B) As xuntas de avaliación de carácter permanente, constituídas no mando ou xefatura de persoal de cada exército e na Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, seguintes:

a) Unha xunta de avaliación específica para determina-la insuficiencia de facultades profesionais.

b) Unha xunta de avaliación específica para determina-la insuficiencia de condicións psicofísicas.

c) As xuntas que determine o xefe de Estado Maior do exército respectivo, ou o subsecretario de Defensa, para proceder ás avaliacións do número 1.c) do artigo 2 deste regulamento.

Os presidentes das xuntas serán oficiais xenerais, salvo que o número das constituídas requira a designación de oficiais; todas terán un número de vocais permanentes non inferior a tres e un número variable de vocais eventuais, que se designarán en función da finalidade da avaliación e do número de membros que se vaian avaliar. En todo caso, o número total de vocais será sempre par.

Nomearanse suplentes para os postos de presidente e vocais, de tal forma que se asegure a constitución das xuntas.

O presidente nomeará un secretario de xunta, elixido entre os destinados no organismo permanente de apoio á avaliación considerado no artigo 7 do presente regulamento.

C) As xuntas de avaliación de carácter eventual dependentes do mando ou xefatura de persoal de cada exército ou da Dirección Xeral de Persoal, constituiranse co obxecto de proceder ás avaliacións para determina-lo disposto nos puntos 1.a), 1.b) e 3 do artigo 2, e número 3 do artigo 12 do presente regulamento, agás para o ascenso a xeneral de brigada/contralmirante ou que afecten a oficiais xenerais. O número máximo destas xuntas será de unha por emprego militar en cada mando ou xefatura de persoal e na Dirección Xeral de Persoal, e a súa composición rexerese polos seguintes criterios:

a) O presidente pertencerá á escala superior de oficiais de calquera dos corpos e será máis antigo que o resto dos compoñentes da xunta.

b) O número de vocais non será superior a doce nin inferior a catro, e deberá ser sempre par.

c) O máis moderno dos vocais será o secretario da xunta.

d) Poderanse designar ata tres vocais suplentes para substituí-los afectados por causas de abstención ou recusación.

e) Como mínimo, nomearase un vocal do mesmo corpo e escala ós que pertencen ou estean adscritos

os membros que se vaian avaliar, salvo no caso de que se trate de persoal profesional de tropa e mariñeiría.

f) Tódolos vocais terán maior emprego militar ou, se é o caso, antigüidade que os avaliados.

D) As xuntas de avaliación en unidades: con carácter xeral constituirase unha xunta de avaliación en cada unidade, centro e organismo en que se atopen destinados militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría, co obxecto de avaliarlos que desexen contraer novo compromiso ou para resolvelo que tivesen asinado. Estas xuntas rexeranse nas súas actuacións polo establecido no artigo 12 do presente regulamento.

Con carácter particular, o xefe do Estado Maior do exército correspondente ou, se é o caso, o subsecretario de Defensa, en atención ó reducido número de militares de complemento ou de militares profesionais de tropa e mariñeiría existentes en determinadas unidades, centros e organismos poderán ordenar que se constituía unha soa xunta, na que se avaliará o persoal que pertenza ás unidades, centros e organismos que eles determinen. Estas xuntas recibirán a denominación de xuntas unificadas de avaliación en unidades, e nelas integraranse como vocais os representantes designados polas dependencias que contén con persoal para avaliar.

A súa composición será a seguinte:

a) O presidente da xunta, que será un oficial nomeado polo xefe da unidade, centro ou organismo, ou polo xefe do mando de persoal no caso de xunta unificada de avaliación en unidade.

b) Os vocais, nun número non inferior a catro e, en todo caso, sempre par e con maior emprego militar ou antigüidade cós avaliados.

c) O secretario da xunta, que será o máis moderno dos vocais.

Estas xuntas dependerán funcionalmente do xefe do mando ou xefatura de persoal do exército ó que pertenza o avaliado ou da Dirección Xeral de Persoal, no caso de que se trate de persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas.

3. O xefe do Estado Maior do exército correspondente, ou o subsecretario de Defensa para os corpos comúns das Forzas Armadas, designará os compoñentes das xuntas permanentes e eventuais e ordenará a publicación do seu nomeamento no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

Os xefes de unidade, centro e organismo designarán os compoñentes da correspondente xunta de avaliación en unidade, ordenarán a súa publicación na orde da unidade, centro e organismo, e comunicarán a relación dos designados ó respectivo mando ou xefatura de persoal ou, se é o caso, á Dirección Xeral de Persoal.

O mando ou xefatura de persoal do exército correspondente ou, se é o caso, a Dirección Xeral de Persoal, designará os compoñentes das xuntas unificadas de avaliación en unidades e comunicará o seu nomeamento ós xefes de unidade, centro e organismo dos que dependen, os que ordenarán a súa publicación tal como se sinalou no parágrafo anterior.

Artigo 5. *Normas de funcionamento dos órganos de avaliación.*

As xuntas de avaliación poderán actuar en pleno ou en comisión. Os seus acordos serán adoptados sempre en pleno e por maioría absoluta, e para este efecto o presidente non terá voto de calidade.

O presidente terá como función propia a de aseguralo cumprimento das normas, velando moi especialmente

pola aplicación de criterios obxectivos. Así mesmo, determinará a composición das comisións.

Para a constitución dunha comisión requirirase, polo menos, un tercio dos compoñentes do órgano de avaliación.

A convocatoria do pleno correspóndelle ó presidente e deberá ser notificada, en unión da orde do día, cunha antelación mínima de vinte e catro horas.

O secretario terá como misión apoia-lo labor que desenvolva a xunta, sen intervir nas súas actuacións, salvo cando, ademais, fose vocal. De cada sesión en que o órgano de avaliación actúe en pleno redactará acta, que conterá a relación das persoas que interviñeran, así como as circunstancias de lugar e data en que se realizou, os puntos principais da deliberación, a forma e resultado da votación e o contido dos acordos.

As actas serán asinadas polo secretario co visto e prace do presidente e, se é o caso, polos vocais que emitiran voto particular contrario ó acordo adoptado, especificando os motivos que o xustifiquen.

Artigo 6. *Abstención e recusación.*

1. Os designados para formar parte dos órganos de avaliación nos que concorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, comunicaranllo ó Organismo Permanente de Apoio á Avaliación, ou, se é o caso, á autoridade que os nomeou, que resolverá.

A apreciación da existencia da causa de abstención poderá dar orixe á revogación da designación correspondente ou, en caso de avaliación para o ascenso por antigüidade, á simple ausencia do designado no momento da avaliación daquel co que exista a causa de abstención.

2. Nos casos previstos no punto anterior, poderá promoverse recusación en calquera momento do proceso de avaliación, con suxeición ó procedemento e cos efectos previstos no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Organismo Permanente de Apoio á Avaliación.*

1. No mando ou xefatura de persoal de cada exército, así como na Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, existirá un Organismo Permanente de Apoio á Avaliación, cos seguintes labores:

a) Inicia-los procesos necesarios para a actuación dos órganos de avaliación.

b) Redacta-las convocatorias dos órganos de avaliación.

c) Propoñe-la distribución numérica de vocais por corpos, escalas e empregos militares.

d) Tramita-la publicación da composición das xuntas de avaliación de carácter permanente e eventual no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

e) Solicitar, se é o caso, dos organismos que procedan, coa antelación necesaria, a documentación dos membros que se van avaliar, e recompila-la complementaria que acheguen, por iniciativa propia, os interesados sobre a súa actuación profesional que, sendo de interese, puidese non estar reflectida no seu historial militar.

f) Recompila-los documentos anteriores e prepara-los para a súa utilización polos órganos de avaliación.

g) Apoia-los órganos de avaliación durante a súa actuación.

h) Remiti-los resultados definitivos das avaliacións ó órgano de xestión de persoal correspondente.

i) Proporcionar ó mando ou xefatura de persoal correspondente, ou á Dirección Xeral de Persoal, os informes sobre os recursos que se interpoñan como consecuencia das avaliacións.

j) Analiza-lo proceso de avaliación e clasificación para propoñer ó mando ou xefatura de persoal correspondente, ou á Dirección Xeral de Persoal, as modificacións que considere oportunas.

2. As xuntas de avaliación en unidades poderán constituírse como órgano de apoio das xuntas permanentes e eventuais, se estas o consideran necesario, para as avaliacións que teñan por obxecto determina-lo disposto no número 1 do artigo 2 do presente regulamento, no que afecte a militares de complemento e a militares profesionais de tropa e mariñeiría.

Artigo 8. *Avaliacións para o ascenso e para a asistencia a determinados cursos de capacitación.*

As avaliacións para o ascenso e para a asistencia a determinados cursos de capacitación efectuaranse conforme o preceptuado no título II deste regulamento sobre ascensos de militares de carreira, militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría.

Artigo 9. *Avaliación para a asignación de destinos de especial responsabilidade ou cualificación.*

1. O ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior da Defensa e do xefe do Estado Maior de cada exército, no que afecte á estrutura orgánica deles dependente, e do subsecretario de Defensa nos restantes casos, e cando afecte ós corpos comúns das Forzas Armadas, determinará os cargos de xefe de unidade, centro e organismo, e outros destinos de especial responsabilidade ou cualificación para a asignación dos cales se requira unha avaliación.

2. A avaliación efectuaraa o consello superior ou xunta superior correspondente cando afecte a oficiais xenerais e unha xunta de avaliación de carácter permanente nos demais casos.

3. Cando o destino afecte a oficiais xenerais, o consello superior ou xunta superior correspondente elevará informe ó xefe do Estado Maior do exército respectivo ou, se é o caso, ó subsecretario de Defensa. Se afectase a oficiais ou suboficiais, a xunta de avaliación remitirá informe ó consello superior ou xunta superior correspondente, que, tras emiti-lo seu propio informe, o elevará ás autoridades citadas no número 1, de acordo coa estrutura orgánica na que estea integrado o destino, os que elevarán a súa propia proposta ó ministro de Defensa para a súa resolución.

Artigo 10. *Avaliacións extraordinarias para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais.*

1. Como consecuencia da declaración definitiva de non aptitude para o ascenso, o xefe do Estado Maior do exército correspondente, ou o subsecretario de Defensa no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, ordenará ó mando, xefatura de persoal ou Dirección Xeral de Persoal a iniciación dun expediente para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais, para os efectos da limitación para ocupar determinados destinos, do pase a retiro ou da resolución do compro-

miso, segundo corresponda. O expediente iniciárase nun prazo máximo de tres meses, contados a partir da data de declaración de non aptitude definitiva.

2. Así mesmo, o xefe do Estado Maior do exército correspondente, ou o subsecretario de Defensa, se é o caso, poderá ordena-la iniciación do mencionado expediente cando a cualificación global do informe persoal, ó que se refire o artigo 99 da Lei 17/1999, do 18 de maio, fose negativa en dúas ocasións sucesivas ou en tres alternas nun período de cinco anos, e, en todo caso, ordenará a súa iniciación cando a cualificación global negativa se produza en tres ocasións sucesivas. Este criterio soamente será aplicable cando non exista discrepancia entre o cualificador e o superior xerárquico deste en canto ó procedente da cualificación negativa.

Do mesmo modo, as autoridades citadas no parágrafo anterior poderán ordena-la iniciación do expediente de insuficiencia de facultades profesionais cando a cualificación nun mesmo concepto de carácter profesional do informe persoal, ó que se refire o artigo 99 da Lei 17/1999, do 18 de maio, fose negativa en dúas ocasións sucesivas ou en tres alternas nun período de cinco anos, e, en todo caso, ordenará a iniciación cando a cualificación negativa se produza en tres ocasións sucesivas. Este criterio soamente será aplicable cando non exista discrepancia entre o cualificador e o superior xerárquico deste en canto ó procedente da cualificación negativa.

3. Unha xunta de avaliación permanente e específica no mando ou xefatura de persoal de cada exército e na Dirección Xeral de Persoal elevará as conclusións ó xefe do Estado Maior correspondente, ou, se é o caso, ó subsecretario de Defensa, quen, logo do informe do consello superior ou xunta superior correspondente, elevará á súa vez ó ministro de Defensa a proposta de resolución que proceda.

Artigo 11. *Avaliacións extraordinarias para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas.*

1. Ó persoal militar que manteña unha relación de servicios de carácter permanente, como consecuencia dos recoñecementos médicos ou das probas psicolóxicas ou físicas ás que se refire o artigo 101 da Lei 17/1999, do 18 de maio, así como nos supostos previstos no seu artigo 157, poderáselle iniciar un expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, para os efectos das limitacións para ocupar determinados destinos, cambio de especialidade ou do pase a retiro, segundo corresponda.

No caso de tratarse de persoal militar que manteña unha relación de servicios de carácter temporal, nas circunstancias sinaladas no parágrafo precedente, iniciaráselle o expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, para os efectos das limitacións para ocupar determinados destinos, cambio de especialidade, do pase a retiro ou da resolución de compromiso.

2. O expediente, no que constará o dictame do órgano médico pericial competente, será valorado por unha xunta de avaliación permanente e específica constituída no mando ou xefatura de persoal de cada exército ou na Dirección Xeral de Persoal.

Os procedementos para a tramitación destes expedientes rexeranse polas normas específicas que no seu momento se establezan.

3. O resultado da avaliación será elevado ó xefe do Estado Maior do exército correspondente ou, se é o caso, ó subsecretario de Defensa, quen proporá ó ministro a resolución que proceda.

Artigo 12. *Avaliacións dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría para contraer novos compromisos.*

1. Para que os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal coas Forzas Armadas poidan contraer un novo compromiso será preceptivo que fosen avaliados e declarados idóneos.

2. As avaliacións efectuaranas as xuntas de avaliación en unidades ou, se é o caso, as xuntas unificadas de avaliación en unidades, que valorarán os informes persoais, a folia de servicios, o expediente académico, a información complementaria e o expediente de aptitude psicofísica no que afecta ó período de vixencia do último compromiso, salvo cando a xunta considere necesario amplia-la avaliación a todo o tempo de servicios dalgún dos afectados. No informe que emitan estas xuntas de avaliación tamén se fará consta-lo tempo de servicios e a idade dos avaliados e, se é o caso, a limitación para contraer novo compromiso que puidesen derivarse destas causas.

3. As xuntas de avaliación elevarán, a través do xefe de unidade, centro ou organismo que as nomease, as propostas de idoneidade ou de non idoneidade motivada, ó xefe do mando ou xefatura de persoal do exército respectivo ou ó director xeral de Persoal, no caso de que afecte a persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas, quen, en función das previsións de plan da defensa militar, procederá a conceder un novo compromiso ós idóneos que reúnan os restantes requisitos que se regulen. Así mesmo, ordenará unha nova avaliación dos propostos como non idóneos, que efectuará unha xunta de avaliación eventual que, para estes efectos, designe o xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa.

4. As xuntas de avaliación en unidades e, se é o caso, as xuntas unificadas de avaliación de unidades, que elevaron propostas de non idoneidade para contraer novo compromiso, constituiranse en órgano de apoio da xunta de avaliación eventual que se estableza cando proceda a nova avaliación, achegando cantos datos se lle soliciten.

Como consecuencia desta última avaliación, a xunta de avaliación eventual elevará informe ó xefe do mando ou xefatura de persoal correspondente ou ó director xeral de Persoal, quen resolverá sobre a concesión ou denegación do novo compromiso.

Artigo 13. *Avaliacións para o acceso do persoal profesional de tropa e mariñeiría a unha relación de servicios de carácter permanente.*

1. O persoal profesional de tropa e mariñeiría que pretenda establecer unha relación de servicios de carácter permanente será previamente avaliado.

2. As avaliacións serán efectuadas pola xunta de avaliación de carácter eventual que o xefe do Estado Maior do exército respectivo determine.

3. O resultado da avaliación será o de «favorable» ou «desfavorable», e farase consta-lo tempo de servicios e a idade dos avaliados.

A declaración de «desfavorable» nunha avaliación, que se comunicará ós afectados de forma individualizada, suporá quedar fóra do proceso selectivo, aínda que non contabilizará convocatoria.

4. Para acceder á citada relación de servicios deberán cumpridos, na data límite de presentación de instancias, oito anos de servicio continuados no exército co que pretende establece-la devandita relación, así como cumpri-lo resto das condicións que estipula o artigo 96 da Lei 17/1999, do 18 de maio, e aquelas outras que se establezan na correspondente convocatoria.

TÍTULO II

Réxime dos ascensos

CAPÍTULO I

Sistemas e condicións para o ascenso

Artigo 14. *Sistemas de ascenso.*

1. Os sistemas de ascenso a cada emprego militar son os seguintes:

a) Elección: ascéndese por elección ós empregos militares de xeneral de brigada/contralmirante e empregos militares superiores, a coronel do Corpo de Músicas Militares, a tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais, a capitán/tenente de navío de complemento, a suboficial maior das escalas de suboficiais e a cabo maior.

Ascéndese tamén por este sistema nas vacantes existentes no cadro de persoal adicional de oficiais xenerais.

b) Selección: ascéndese por selección ós empregos militares de coronel, con excepción do ascenso a coronel do Corpo de Músicas Militares; a tenente coronel/capitán de fragata das escalas superiores de oficiais; a comandante/capitán de corveta das escalas de oficiais, e a subtenente das escalas de suboficiais.

c) Antigüidade: ascéndese por antigüidade ós empregos militares de comandante/capitán de corveta e capitán/tenente de navío das escalas superiores de oficiais, a capitán/tenente de navío e tenente/alférez de navío das escalas de oficiais, a tenente/alférez de navío de complemento e a brigada e sarxento primeiro das escalas de suboficiais.

O ascenso por antigüidade con reordenación aplícase exclusivamente no ascenso a comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais.

d) Concurso ou concurso-oposición: ascéndese por este sistema ós empregos militares de cabo primeiro e cabo.

2. O ascenso polo sistema de elección concederáse entre os militares profesionais do emprego militar inmediato inferior, de acordo cos seus méritos e aptitudes.

3. No ascenso por selección, unha porcentaxe das vacantes previstas para cada ciclo de ascensos cubriráse por orde de clasificación, outra porcentaxe dos avaliados quedará retida no emprego militar ata unha nova avaliación, e o resto dos avaliados ascenderá por orde de escalafón ata cubri-lo total das vacantes que se produzan ó longo do ciclo. A orde de clasificación será a obtida como consecuencia das avaliacións reguladas no artigo 25 deste regulamento.

O número de vacantes para o ascenso para cubrir por orde de clasificación en cada escala e emprego militar das previstas para o ciclo de ascensos e o número de retidos no seu emprego militar será fixado polo ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa.

4. Os ascensos polo sistema de antigüidade efectuaranse segundo a orde de escalafón, con excepción do ascenso a comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais, no que a orde de escalafón será a que resulte da reordenación de cada promoción polos procedementos establecidos no artigo 27 deste regulamento.

5. Os ascensos polo sistema de concurso ou concurso-oposición produciranse mediante selección e clasificación dos concorrentes ás convocatorias que para estes efectos se publiquen, coa periodicidade que determine o xefe do Estado Maior do exército correspondente.

O concurso ou concurso-oposición producirá, en función do emprego militar ó que se pretenda ascender, os seguintes efectos: no ascenso a cabo primeiro, a selección dos concorrentes ó curso de capacitación para o desempeño dos labores do devandito emprego, e no ascenso a cabo, a ordenación dos soldados ou mariñeiros polas puntuacións obtidas no propio concurso ou concurso-oposición.

No caso de que, entre os requisitos aplicables ó concurso ou concurso-oposición para o ascenso ó emprego militar de cabo, se inclúa un curso de capacitación, os concorrentes a este serán seleccionados en función das puntuacións que obteñan no citado concurso ou concurso-oposición.

Artigo 15. *Condicións para o ascenso.*

1. Para ascender ó emprego militar inmediato superior será preciso atoparse nalgunha das seguintes situacións administrativas: servizo activo, servizos especiais e durante os dous primeiros anos na situación de excedencia voluntaria.

Coa excepción do establecido na disposición adicional oitava, número 3, da Lei 17/1999, do 18 de maio, a partir da data de pase á situación administrativa de reserva non se producirán ascensos.

2. Os ascensos ó emprego militar inmediato superior, en situación de servizo activo, produciranse sempre con ocasión de vacante:

a) Na escala e emprego militar correspondente, no caso dos militares de carreira, nos cadros de persoal regulamentarios vixentes.

b) Nos empregos militares de capitán/tenente de navío e tenente/alférez de navío nos cadros de persoal para militares de complemento vixentes en cada corpo ou escala a que estean adscritos.

c) Nos empregos militares de cabo maior, cabo primeiro ou cabo no cadro de persoal da súa especialidade.

3. O ascenso polo sistema de antigüidade nas situacións de servizos especiais e excedencia voluntaria durante os dous primeiros anos producirase coincidindo co ascenso do seguinte no escalafón que se atope en servizo activo.

Nos sistemas de selección e de antigüidade con reordenación nas situacións de servizos especiais e excedencia voluntaria durante os dous primeiros anos, o ascenso producirase coincidindo co daquel que, atopándose en servizo activo, ocupe o posto posterior ó seu na ordenación resultante da avaliación correspondente.

4. Para o ascenso a calquera emprego militar é preceptivo ter cumpridos, no emprego militar que se desempeña, os tempos mínimos de servizos e de mando ou de función que se establecen no capítulo III deste título.

No caso dos militares de complemento, tamén será condición para o ascenso a tenente/alférez de navío que ascenderan os alféreces/alféreces de fragata da mesma antigüidade do corpo ou escala que estean adscritos.

5. Para o ascenso a un emprego militar, ata o de xeneral de brigada/contralmirante, inclusive, é condición indispensable ser avaliado de acordo co disposto no capítulo II deste título.

6. Para o ascenso a xeneral de brigada/contralmirante, tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais, comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais, suboficial maior das escalas de suboficiais, cabo maior e cabo primeiro, é preceptivo supera-los cursos de capacitación para o desempeño dos labores dos devanditos empregos militares. Tamén poderá esixirse un curso de capacitación para o ascenso a cabo.

Para asistir ós cursos de capacitación correspondentes a xeneral de brigada/contralmirante, tenente coro-

nel/capitán de fragata das escalas de oficiais, suboficial maior das escalas de suboficiais e cabo maior seleccionárase un número limitado de concorrentes mediante os sistemas de avaliación regulados no capítulo II deste título.

Para asistir ós cursos de capacitación correspondentes a cabo primeiro e se é o caso a cabo, os xefes do Estado Maior do exército correspondente poderán ordenar a selección dun número limitado de concorrentes mediante os sistemas de concurso ou concurso-oposición.

7. En atención a méritos excepcionais ou circunstancias especiais, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, poderá conceder, con carácter honorífico, ó militar profesional que pasara a retiro o emprego inmediato superior. Os empregos de carácter honorífico tamén poderán concederse a título póstumo.

O ministro de Defensa establecerá as normas que regulen as propostas que para os efectos destes ascensos eleven os xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e o subsecretario de Defensa no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas.

Artigo 16. *Vacantes para o ascenso.*

1. Daranse ó ascenso as vacantes que se produzan nos distintos empregos militares de cada corpo e escala dos militares de carreira, por algún dos seguintes motivos:

- a) Ascenso.
- b) Incorporación a outra escala militar.
- c) Pase ás situacións de servicios especiais, de excedencia voluntaria ou de suspenso de emprego.
- d) Pase á situación de reserva ou a retiro, no caso de que se faga desde as situacións de servicio activo ou suspenso de funcións.
- e) Perda da condición de militar de carreira.
- f) Permanencia de dous anos como prisioneiro ou desaparecido.
- g) Falecemento ou declaración de falecido.
- h) As que, se é o caso, se produzan pola entrada en vigor de novos cadros de persoal, de acordo co que establece o artigo 18 da Lei 17/1999, do 18 de maio.

Cuando unha vacante non poida cubrirse por non existir persoal que reúna as condicións para o ascenso, cubrirase posteriormente en canto haxa persoal que as reúna. Todo iso sen prexuízo de dar ó ascenso a vacante que se producise no emprego inferior, de non existirla anterior circunstancia.

Con independencia do disposto anteriormente neste artigo, correspóndelle ó Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, a decisión de dar ó ascenso as vacantes que se produzan nos empregos da categoría de oficiais xenerais e ó ministro de Defensa, por proposta do subsecretario de Defensa ou do xefe do Estado Maior do exército correspondente, a de dar ó ascenso as dos empregos de coronel do Corpo de Música Militares, de tenente coronel das escalas de oficiais e de suboficial maior.

2. Daranse ó ascenso as vacantes que se produzan nos distintos empregos militares de cada corpo ou escala de adscrición dos militares de complemento, por algúns dos seguintes motivos:

- a) Parágrafos a), f), g) e h) do número 1 deste artigo.
- b) Pase ás situacións de excedencia voluntaria ou de suspenso de emprego.
- c) Finalización ou resolución de compromiso.
- d) Perda da condición de militar de complemento.
- e) Cambio de adscrición a outra escala ou corpo.

3. Daranse ó ascenso as vacantes que se produzan nos distintos empregos militares de cada especialidade

dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, por algún dos seguintes motivos:

- a) Parágrafos a), f), g) e h) do número 1 deste artigo.
- b) Pase á situación de servicios especiais para os que manteñen unha relación de servicios de carácter permanente.
- c) Pase á situación de excedencia voluntaria ou de suspenso de emprego.
- d) Pase á situación de reserva ou retiro, no caso de que se efectúe desde as situacións de servicio activo ou suspenso de funcións, por aqueles que manteñen unha relación de servicios de carácter permanente.
- e) Conclusión ou resolución de compromiso, por aqueles que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal.
- f) Perda da condición de militar profesional de tropa e mariñeiría.
- g) Cambio de especialidade.
- h) Acceso por promoción interna á escala de suboficiais.

Artigo 17. *Concesión dos ascensos.*

1. Os ascensos ós empregos militares da categoría de oficiais xenerais concederanse por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, quen para efectualo oirá o xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa, no caso de que afecte a membros dos corpos comúns das Forzas Armadas. Nos ascensos a xeneral de brigada/contralmirante, ademais, valorará as avaliacións reguladas no artigo 24 deste regulamento.

2. Os ascensos ós empregos militares de coronel do Corpo de Música Militares, de tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais, de capitán/tenente de navío de complemento e de suboficial maior serán concedidas polo ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército respectivo ou, se é o caso, do subsecretario de Defensa, quen para efectualo valorará as avaliacións reguladas no artigo 24 deste regulamento.

Os ascensos ó emprego de cabo maior serán concedidos polo xefe do Estado Maior do exército correspondente, quen valorará as avaliacións reguladas no artigo 24 deste regulamento.

3. Os ascensos dos avaliados e declarados aptos polo sistema de selección serán concedidos polo xefe do Estado Maior do exército correspondente, ou polo subsecretario de Defensa no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, e produciranse, en primeiro lugar, seguindo a orde de clasificación ata completa-lo número de vacantes fixadas polo ministro de Defensa. Os demais ascensos produciranse a continuación seguindo a orde de escala, salvo os que fosen declarados retidos no emprego militar ou non aptos para o ascenso.

4. Os ascensos dos avaliados e declarados aptos polo sistema de antigüidade serán concedidos polo xefe do Estado Maior do exército correspondente, ou polo subsecretario de Defensa no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, seguindo a orde de escala, coa excepción do especificado no número 2 do artigo 18 do presente regulamento, tendo en conta, no caso do ascenso a comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais, a reordenación das promocións a que se refire o número 4 do artigo 14 e a orde para o ascenso da promoción que fose avaliada, establecido de acordo co artigo 27, ámbolos dous deste regulamento.

5. As vacantes que se orixinen nos empregos militares ós que se ascende por concurso ou concurso-oposición ofertaranse na convocatoria de ascenso para a súa adxudicación posterior, ou no momento en que

se produzan, sempre que se obtivera a correspondente aptitude.

Os ascensos serán concedidos polo xefe do Estado Maior do exército correspondente, de acordo coa orde de clasificación resultante do concurso ou concurso-oposición regulado no artigo 28 deste regulamento.

Artigo 18. *Data de antigüidade no emprego.*

1. Cando se produza unha vacante, considerárase como data desta a do día en que produza efectos o acto administrativo que a ocasionou. Cando a devandita vacante dea lugar a ascensos nos empregos militares inferiores, a data de antigüidade coa que se conferirán os novos empregos militares será a mesma para todos eles.

A data de antigüidade nos empregos militares será a da sinatura da resolución pola que se concede o ascenso correspondente, salvo cando na resolución se faga constar a do día seguinte a aquel en que se produce a vacante, non podendo conferirse unha antigüidade anterior á desta última.

2. Nos ascensos por antigüidade, se o motivo do atraso do ascenso é imputable ó afectado, este ascenderá, unha vez cumpridas as condicións, na primeira vacante que se produza.

Artigo 19. *Efectos administrativos.*

O ascenso producirá efectos administrativos a partir da data de antigüidade conferida a este, con excepción das retribucións, que comezarán a percibirse de acordo co que dispoñan as normas vixentes sobre esta materia.

Nos ascensos que se produzan na categoría de oficiais xenerais e ós empregos militares de coronel do Corpo de Músicas Militares, de tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais, de capitán/tenente de navío de complemento, de suboficial maior das escalas de suboficiais e de cabo maior da categoría de tropa e mariñería non se poderá conceder ningún efecto con data anterior á da concesión do emprego militar correspondente.

CAPÍTULO II

Avaliacións para o ascenso

Artigo 20. *Normas xerais.*

1. As avaliacións para o ascenso realizaranse periodicamente e producirán efecto durante o período de tempo que, para cada sistema de ascenso, se establece nos artigos seguintes.

2. As avaliacións para o ascenso polos sistemas de elección e selección realizaranse coa antelación suficiente para que estean finalizadas dentro do mes anterior ó inicio do ciclo de ascensos.

As avaliacións para o ascenso polo sistema de antigüidade realizaranse coa antelación suficiente para que estean finalizadas dentro do mes anterior á data prevista para o ascenso do último que fose declarado apto na avaliación anterior.

3. As xuntas de avaliación constituiranse coa antelación suficiente para que poidan concluí-la avaliación dentro do período indicado e os resultados poidan producir efectos ó inicio do ciclo de ascensos correspondente ou antes da data prevista de ascenso por antigüidade do primeiro dos avaliados.

4. As avaliacións afectarán ós que se atopen incluídos nas zonas de escala que se determinen de conformidade cos artigos seguintes.

Artigo 21. *Previsión de vacantes para o ascenso.*

Co obxecto de determina-las zonas de escala para as avaliacións, a estimación do número de vacantes que se producirán nun ciclo de ascensos basearase no número das que para ese ciclo se prevexan por cada unha das causas consideradas no artigo 16 do presente regulamento, das que se restarán as que, se é o caso, deban amortizarse.

Artigo 22. *Determinación das zonas de escala.*

1. O xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, polo menos, cinco meses antes do comezo de cada ciclo de ascensos ou da data prevista para o ascenso do último dos avaliados para o ascenso polo sistema de antigüidade, proporán ó ministro de Defensa as zonas das escalas para as avaliacións para o ascenso a cada emprego militar que, unha vez aprobadas, se publicarán no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

2. Para a determinación das zonas de escala nos ascensos polos sistemas de elección e selección terase en conta a relación entre o número de avaliados e as vacantes previstas no ciclo de ascensos, de acordo co especificado nos artigos 24 e 25 deste regulamento, garantindo, en todo caso, que o número de avaliados permita cubri-las vacantes previstas.

3. Para a determinación das zonas de escala para as avaliacións para o ascenso polo sistema de antigüidade terase en conta as vacantes previstas no ciclo de ascensos correspondente.

4. Cando excepcionalmente, e malia o previsto no número 2 anterior, o número de vacantes producidas nun ciclo, para o ascenso polo sistema de elección, exceda do de vacantes previstas, o ministro de Defensa dará por finalizado o ciclo e ordenará o inicio dun novo e a realización da avaliación correspondente. O novo ciclo comezará o día en que se produza a primeira vacante non prevista e finalizará o 30 de xuño do ano seguinte ó do ano de inicio deste novo ciclo.

Cando excepcionalmente, e malia o previsto no número 2 anterior, o número de vacantes producidas nun ciclo, para o ascenso polo sistema de selección, exceda do de vacantes previstas e non houberse suficiente número de avaliados, o ministro de Defensa dará por finalizado o ciclo e ordenará o inicio dun novo e a realización da avaliación correspondente. O novo ciclo comezará o día seguinte ó da vacante que ocasionou o ascenso do último avaliado e finalizará o 30 de xuño do ano seguinte ó do ano de inicio deste novo ciclo.

Tamén ordenará que se avalíe o persoal que estivese incluído nas zonas de escala para o ascenso, ó cesar nas situacións de suspenso de emprego e suspenso de funcións como consecuencia de comunicación de sentença absolutoria, sobresemento do procedemento ou terminación do expediente sen declaración de responsabilidade.

Artigo 23. *Renuncia á avaliación.*

Unha vez establecidas as zonas de escala para as avaliacións para o ascenso, abrírase un prazo de quince días, contados a partir do día seguinte á súa publicación, para que os afectados que o desexen poidan solicita-la súa exclusión da avaliación.

O que renuncie a ser avaliado para o ascenso permanecerá no seu emprego militar ata o seu pase á situación de reserva, non poderá ser designado para realizar

cursos que non sexan de aplicación específica no seu emprego militar e terá limitación para ocupar determinados destinos, de acordo coas normas de provisión de destinos en vigor, cesando no que tiver se a este lle afectase a limitación anterior.

Artigo 24. *Avaliacións para o ascenso polo sistema de elección.*

1. As avaliacións para o ascenso polo sistema de elección teñen por obxecto determina-las condicións de prelación e idoneidade para o desempeño dos labores do emprego militar superior de tódolos avaliados en función dos méritos e aptitudes acreditados.

As avaliacións producirán efectos durante un ciclo de ascensos, a non ser que sobreviñer algunha circunstancia extraordinaria que obrigase a avaliar de novo os posibles afectados por aquela circunstancia. O resultado da nova avaliación levará consigo situa-los afectados no lugar que lles corresponda sen variar, respecto ós demais, o resultado da avaliación orixinal.

2. As avaliacións para o ascenso a xeneral de brigada/contralmirante serán realizadas polo Consello Superior do Exército ou xunta superior do corpo correspondente e elevadas ó ministro de Defensa polo xefe do Estado Maior do exército respectivo ou subsecretario de Defensa, no caso do persoal pertencente ós corpos comúns das Forzas Armadas, os que engadirán o seu propio informe.

As avaliacións para o ascenso ós restantes empregos militares recollidos no punto 1.a) do artigo 14 deste regulamento serán realizadas polas xuntas de avaliación de carácter eventual e, unha vez informadas polo consello superior ou xunta superior correspondente, serán elevadas ó xefe do Estado Maior do exército respectivo ou ó subsecretario de Defensa, cando afecte ós corpos comúns das Forzas Armadas.

3. Serán avaliados para o ascenso por elección tódolos do emprego militar inmediato inferior que reúnan ou poidan reunir durante o ciclo de ascensos as condicións establecidas nos capítulos III e IV deste título.

Non obstante, o ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente ou do subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, poderá limita-lo número de avaliados a unha cifra que, como mínimo, sexa tres veces a das vacantes previstas para o ciclo.

Igualmente, o ministro de Defensa poderá determina-lo número máximo de ciclos en que se pode ser avaliado para o ascenso por elección.

Artigo 25. *Avaliacións para o ascenso polo sistema de selección.*

1. As avaliacións para o ascenso polo sistema de selección teñen por obxecto determina-la aptitude ou, motivándoa, a non aptitude dos avaliados e, de entre os aptos, as condicións de prelación e idoneidade para o desempeño dos labores do emprego militar superior que determinará, en consecuencia, a clasificación dos avaliados.

As avaliacións producirán efectos durante un ciclo de ascensos, a non ser que sobreviñer algunha circunstancia extraordinaria que obrigase a avaliar de novo os posibles afectados pola devandita circunstancia.

Se como consecuencia da nova avaliación os afectados quedasen incluídos entre os que deben ascender por orde de clasificación, farano cando lles corresponda, salvo que xa o fixese algún que os seguise no ordenamento, e neste caso ascenderán detrás del.

2. Estas avaliacións serán realizadas polas xuntas de avaliación de carácter eventual.

O resultado das avaliacións será remitido ó consello superior ou xunta superior correspondente que, tras emitilo seu propio informe, o elevará ó xefe do Estado Maior do exército respectivo ou ó subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, quen, tendo en conta, ademais, a súa propia valoración, declarará a aptitude ou non aptitude dos avaliados e propondrá ó ministro de Defensa o número de vacantes para cubrir, por orde de clasificación, e o número de retidos. Aprobados polo ministro de Defensa os citados números, os xefes dos Estados Maiores e o subsecretario de Defensa establecerán a relación dos que ascenden por orde de clasificación e os que quedan retidos no emprego.

A relación dos que ascenden por orde de clasificación publicarase no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» e o xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, ordenará a comunicación do resultado da avaliación ós que sexan declarados non aptos ou retidos no emprego.

3. Serán avaliados para o ascenso por selección os que reúnan ou poidan reunir antes do inicio do ciclo de ascensos as condicións que se establecen no capítulo III deste título, e se atopen incluídos na zona de escala de cada emprego militar e escala que determine o ministro de Defensa, de forma que a relación entre os avaliados e as vacantes previstas para o ciclo normalmente sexa entre un e tres.

Artigo 26. *Avaliacións para o ascenso polo sistema de antigüidade.*

1. As avaliacións para o ascenso polo sistema de antigüidade teñen por obxecto determina-la aptitude ou non aptitude dos avaliados, sen que, como consecuencia destas, se deriven modificacións na orde de escala daqueles que fosen declarados aptos, excepción feita do recollido, ó respecto, no artigo 27 deste regulamento.

As avaliacións producirán efectos ata o momento do ascenso, a non ser que sobreviñer algunha circunstancia extraordinaria que obrigue a avaliar novamente o afectado.

2. As xuntas de avaliación eventuais serán as encargadas de realiza-las avaliacións para o ascenso polos sistemas especificados nos artigos 26 e 27 deste regulamento.

Sobre as avaliacións emitirá informe o consello superior ou xunta superior correspondente e posteriormente serán remitidas ó xefe do Estado Maior do exército respectivo ou ó subsecretario de Defensa, segundo corresponda, quen, tendo en conta a súa propia valoración, declararán a aptitude ou non aptitude dos avaliados.

3. Serán avaliados para o ascenso por antigüidade os que reúnan as condicións que se establecen no capítulo III e, se é o caso, no capítulo IV deste título, ou puidesen reunilas antes de que se produza a vacante que puidese dar orixe ó ascenso e se atopen incluídos na zona de escala de cada emprego militar e escala que determine o ministro de Defensa, por proposta do xefe do Estado Maior do exército correspondente ou do subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas.

As zonas de escala para as avaliacións comprenderán un número de avaliados que permita cubri-las vacantes previstas no ciclo de ascensos correspondente.

Artigo 27. *Avaliacións para o ascenso polo sistema de antigüidade con reordenación.*

1. As avaliacións para o ascenso polo sistema de antigüidade con reordenación teñen por obxecto determina-la aptitude ou non aptitude dos avaliados e espe-

cifica-la orde de prelación e idoneidade destes para o desempeño dos labores do emprego militar de comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais, o que determinará, en consecuencia, a clasificación dos avaliados de acordo cos seus méritos e aptitudes.

2. Previamente á obtención da clasificación dos avaliados, o xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, determinará o número de grupos nos que debe dividirse a promoción, que non será inferior a tres, e ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa». Obtida a clasificación, os avaliados dividiranse no número de grupos fixado, que serán iguais, incluíndose, se é o caso, o resto no primeiro deles. Por último, procederase, en cada grupo, ó restablecemento da orde relativa da escala orixinal previa á avaliación.

3. As avaliacións para o ascenso a comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais efectuaranse por promocións.

Aquel que non cumpra condicións para o ascenso no momento de ser avaliada a súa promoción, tamén será reordenado con esta e declarado, se é o caso, apto condicional, obtendo a devandita aptitude no momento en que as cumpra.

O posto na escala que se lle asigne no novo emprego militar será o que lle corresponda no momento de producirse o ascenso, agás cando a falta de condicións se produza por algunha das razóns que seguidamente se especifican:

- a) Enfermidade.
- b) Permanecer como prisioneiro ou desaparecido, no caso de que do expediente se deducisen razóns xustificadas da ausencia.
- c) Pasar á situación de servizo activo desde a de suspenso de funcións como consecuencia de sentenza absoluta, sobreesamento do procedemento ou terminación do expediente gubernativo sen declaración de responsabilidade.
- d) Causar baixa no curso de capacitación para o desenvolvemento dos labores de comandante/capitán de corveta con opción a unha nova convocatoria.

Nestes casos, o afectado recuperará, no momento do ascenso, o posto que lle correspondese de acordo co resultado da avaliación e asignaráselle a antigüidade de acordo co disposto no artigo 16.4 da Lei 17/1999, do 18 de maio.

Artigo 28. *Avaliacións para os ascensos a cabo primeiro e cabo polos sistemas de concurso ou concurso-oposición.*

1. A avaliación dos militares profesionais de tropa e mariñeiría para o ascenso a cabo primeiro ou cabo, polos sistemas de concurso ou concurso-oposición, ten por obxecto determina-la aptitude ou non aptitude dos avaliados para o ascenso e establece-la súa orde de prelación.

O concurso ou concurso-oposición constitúe o proceso que fai posible determina-lo obxecto da avaliación.

2. Serán avaliados para o ascenso aqueles que reúnan as condicións establecidas no capítulo III deste título, así como os demais requisitos esixidos na convocatoria e optaran por concorrer ás prazas convocadas para a súa especialidade.

Estas avaliacións serán efectuadas polas xuntas de avaliación eventuais dependentes do mando ou xefatura de persoal do exército correspondente, que actuarán auxiliadas polos órganos de apoio que se constitúan nas unidades, de acordo co establecido no número 2 do artigo 7 deste regulamento.

3. Os resultados do concurso ou do concurso-oposición producirán efectos durante o tempo de vixencia da convocatoria, a non ser que sobreveña algunha circunstancia que obrigue a avaliar de novo os posibles afectados.

O ministro de Defensa aprobará as bases xerais das convocatorias e os requisitos e circunstancias aplicables ó concurso ou concurso-oposición.

4. No sistema de concurso e na fase de concurso do sistema de concurso-oposición valoraranse os méritos profesionais e académicos, os informes persoais e as aptitudes psicofísicas dos aspirantes conforme o que se especifique nas bases xerais das convocatorias e na propia convocatoria.

Na valoración da fase de oposición e, se é o caso, do curso de capacitación para o ascenso aplicaranse medias ponderadas cando a oposición ou o curso se realicen en varios centros ou nun único centro por quen-das convocadas en diferentes datas.

5. A orde na que se producirán os ascensos a cabo primeiro en cada especialidade estará en función das puntuacións obtidas no concurso ou concurso-oposición e no curso de capacitación.

A orde na que se producirán os ascensos a cabo nas diferentes especialidades estará en función das puntuacións obtidas no concurso ou concurso-oposición e, se é o caso, no curso de capacitación, valorándose, así mesmo, as cualificacións obtidas no ensino de formación.

Tanto para o ascenso a cabo primeiro como a cabo, a incidencia do concurso ou concurso-oposición na puntuación final será sempre superior á do resto dos conceptos cualificados e axustarase ós valores que determine o ministro de Defensa nas bases xerais das convocatorias.

Estes resultados serán elevados ó mando ou xefatura de persoal do exército correspondente, que aprobará a orde de clasificación para o ascenso a cabo primeiro ou a cabo e ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

O ascenso a cabo primeiro ou a cabo producirase con ocasión de vacante nas diferentes especialidades, tendo en conta a orde de clasificación publicada.

Artigo 29. *Declaración de retido no emprego.*

1. A declaración de retido no emprego por primeira vez, na avaliación para o ascenso polo sistema de selección, é competencia do xefe do Estado Maior do exército correspondente ou do subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas. Unha vez aprobada, comunicarase ós afectados a resolución recaída que, en todo caso, será motivada e con expresión dos recursos que poderá interpoñer, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A declaración de retido por primeira vez no emprego suporá para o afectado a imposibilidade de ascender ata non ser novamente avaliado.

A nova avaliación efectuarase coincidindo coas avaliacións que se realicen para o seguinte ciclo.

Non terá consideración de nova avaliación a revisión daquela que deu orixe á declaración de retido que se efectúe para resolve-los recursos citados no número 1 deste artigo.

2. Aprobada por segunda vez unha declaración de retido no emprego na avaliación para o ascenso por selección ó mesmo emprego militar, o xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa, se é o caso, elevará proposta ó ministro

de Defensa, quen, se procede, declarará o afectado retido no seu emprego militar con carácter definitivo.

Se o ministro de Defensa non declara o afectado retido no seu emprego con carácter definitivo, este non ascenderá ata que cese na súa situación de retido, como consecuencia dunha avaliación, situándose no posto que lle corresponda de acordo co seu resultado.

Cada retención no mesmo emprego, a partir da terceira, dará lugar á correspondente resposta de retido no emprego con carácter definitivo.

3. Os que sexan declarados retidos no emprego con carácter definitivo non volverán a ser avaliados para o ascenso, permanecerán no emprego militar que tivesen ata o seu pase á situación de reserva, non poderán ser designados para realizar cursos que non sexan de aplicación específica no seu emprego militar e terán limitación para ocupar determinados destinos, de acordo coas normas sobre provisión de destinos en vigor, cesando no que tiveren se estivesen afectados pola limitación anterior.

4. De igual forma se procederá se un militar de carreira é declarado non apto nunha avaliación e retido noutra, ámbalas dúas para o ascenso polo sistema de selección a un mesmo emprego militar, tanto no procedemento coma nas consecuencias da decisión do ministro de Defensa.

Artigo 30. *Declaración de non aptitude para o ascenso.*

1. A declaración de non aptitude para o ascenso por primeira vez é competencia do xefe do Estado Maior do exército correspondente ou do subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas. Unha vez aprobada comunicarásele ó afectado a resolución recaída para o efecto, que, en todo caso, será motivada e con expresión dos recursos que poderá interpoñer, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A declaración de non aptitude para o ascenso por primeira vez suporá para o afectado a imposibilidade de ascender ata non ser novamente avaliado.

A nova avaliación efectuarase:

a) Cando se trate de avaliacións para o ascenso polo sistema de selección, nos tres meses anteriores ó inicio do seguinte ciclo de ascensos.

b) Cando se trate de avaliacións para o ascenso polo sistema de antigüidade, durante os tres meses anteriores á data prevista para o ascenso do último que fose declarado apto na avaliación anterior, transcorridos, polo menos, nove meses desde a última avaliación.

c) Cando se trate de ascenso por antigüidade con reordenación, durante os tres meses anteriores á data prevista para o ascenso do primeiro dos compoñentes da seguinte promoción. Se nesta avaliación son declarados aptos, situaranse na escala detrás do último da súa promoción e antes do primeiro da seguinte, mantendo entre eles a orde relativa que ocupaban antes da avaliación e ascendendo cando lles correspondese neste novo ordenamento.

Non terá consideración de nova avaliación a revisión daquela que deu orixe á non aptitude que se efectúe para resolve-los recursos citados no número 1 deste artigo.

2. Aprobada por segunda vez unha declaración de non aptitude para o ascenso ó mesmo emprego militar, o xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa, se é o caso, elevará proposta ó ministro de Defensa quen, se procede, declarará o afectado non apto con carácter definitivo.

Se o ministro de Defensa non declara o afectado non apto para o ascenso con carácter definitivo, este só ascenderá cando supere a avaliación correspondente, manténdose os criterios establecidos no número 1 deste artigo, en canto ó momento de realizala e ó sistema de gradación.

Cada declaración de non apto para o ascenso no mesmo emprego, a partir da terceira, dará lugar á correspondente proposta de declaración de non apto para o ascenso con carácter definitivo.

En caso de aprobarse a declaración definitiva de non aptitude para o ascenso, o xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa, se é o caso, ordenará a iniciación dun expediente para determinar se existe insuficiencia de facultades profesionais, de acordo co previsto no artigo 10 deste regulamento.

3. O militar de carreira que sexa declarado con carácter definitivo non apto para o ascenso non volverá a ser avaliado para o ascenso, permanecerá no seu emprego militar ata o seu pase á situación de reserva, non poderá ser designado para realizar cursos que non sexan de aplicación específica no seu emprego militar e terá limitación para ocupar determinados destinos, de acordo coas normas sobre provisión de destinos en vigor, cesando no que tiver se este estivese afectado pola limitación anterior.

O militar de complemento que sexa declarado por segunda vez non apto para o ascenso ó emprego militar de tenente/alférez de navío non volverá a ser avaliado, e permanecerá no seu emprego militar ata a finalización ou resolución do seu compromiso, sen que poida asinar un novo e terá limitación para ocupar determinados destinos, cesando no que tiver, se este estivese afectado pola limitación anterior.

4. De igual forma se procederá se un militar de carreira é declarado retido nunha avaliación e non apto noutra, ámbalas dúas para o ascenso polo sistema de selección a un mesmo emprego militar, en canto ó procedemento que se deberá seguir, coas consideracións seguintes: se o ministro de Defensa non declara a non aptitude de ascenso definitiva, o afectado seguirá as vicisitudes sinaladas no número 2 deste artigo e, no caso de que si a declare, quedará suxeito ó disposto no número 3 do mesmo artigo.

CAPÍTULO III

Tempos de servizo e de mando ou función para o ascenso

Artigo 31. *Tempo mínimo de servizos para o ascenso.*

1. Para o ascenso ó emprego militar inmediato superior é necesario ter cumpridos os seguintes tempos mínimos de servizos en cada emprego militar:

	Anos
<i>a) Militares de carreira</i>	
Escala superior de oficiais:	
Tenente/alférez de navío	3
Capitán/tenente de navío	6
Comandante/capitán de corveta	5
Tenente coronel/capitán de fragata	4
Coronel/capitán de navío	2
Escala inferior de oficiais:	
Alférez/alférez de fragata	2
Tenente/alférez de navío	7
Capitán/tenente de navío	7
Comandante/capitán de corveta	4

s

	Anos
Escala de suboficiais:	
Sarxento	6
Sarxento primeiro	5
Brigada	6
Subtenente	5

b) *Militares de complemento*

Adscritos ós corpos de Intendencia, Xurídico Militar, Militar de Intervención, ás escalas superiores de oficiais dos corpos de Enxeñeiros, de Sanidade e de Músicas Militares:

Alférez	2
Tenente/alférez de navío	3

Adscritos ós corpos xerais de Infantería de Mariña, de especialistas e escalas de oficiais dos corpos de Enxeñeiros e Militar de Sanidade:

Alférez/alférez de fragata	2
Tenente/alférez de navío	7

c) *Militares profesionais de tropa e mariñeiría*

Soldado	3
Cabo	2
Cabo primeiro	3

Para o ascenso de cabo primeiro a cabo maior tamén se esixirá que mantiveran unha relación de servizos de carácter permanente durante tres anos como mínimo.

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría, para os efectos de ascensos, deberán cumprir os tempos mínimos de servizos, establecidos no presente artigo, de xeito ininterrompido no mesmo exército ou non ter cesado, durante a interrupción, na relación de servizos coa Administración.

2. O ministro de Defensa, por proposta do xefe de Estado Maior do exército respectivo ou do subsecretario de Defensa e en función das súas necesidades operativas, poderá autorizar a modificación do tempo mínimo de servizo nos empregos que se requira, no sentido de descontar un ano por cada catro esixidos.

Artigo 32. *Tempo mínimo de mando ou de función para o ascenso.*

1. Os tempos mínimos de mando ou de función que se esixen en cada emprego militar para o ascenso dos militares de carreira e militares de complemento ó emprego militar inmediato superior, son os que, para cada exército e para os corpos comúns das Forzas Armadas, se establecen nos artigos seguintes.

A determinación dos destinos nos que se cumpre tempo de mando será responsabilidade:

a) Do subsecretario de Defensa, por proposta dos xefes dos estados maiores dos exércitos, nos postos da estrutura allea ós exércitos.

b) Do xefe do Estado Maior do exército respectivo nos postos da estrutura do seu exército.

O xefe do Estado Maior do exército respectivo e o subsecretario de Defensa nos órganos alleos á estrutura dos exércitos determinarán os destinos nos que se cumpre tempo de función.

2. O cesamento no destino por adaptación orgánica ou por disolución de unidade debido á supresión de cal-

quera posto do cadro de persoal de destinos dunha unidade, centro ou organismo onde se cumprise tempos de mando ou función, suporá para o interesado que o ocupase a consideración de ter cumprido o tempo mínimo esixido no emprego ou escala, sempre que cumprira dous tercios do devandito tempo.

Artigo 33. *Tempos mínimos de mando ou de función no Exército de Terra.*

Para ascender ó emprego militar inmediato superior será necesario ter cumpridos os tempos de mando ou de función que, para cada corpo e escala, se dispoñen nos puntos seguintes:

1. Tempos mínimos de mando no corpo xeral das armas:

a) *Escala superior de oficiais*

	Anos
Tenente	2
Capitán	4
Comandante/tenente coronel (entre os dous empregos militares)	3

b) *Escala de oficiais*

Alférez	1
Alférez/tenente (entre os dous empregos militares)	5
Capitán	2

c) *Escala de suboficiais*

Sarxento	5
Sarxento primeiro	3
Brigada	3

d) *Militares de complemento adscritos ó corpo*

Alférez	2
Tenente	4

2. Tempo mínimo de función relacionado cos labores específicos dos corpos de intendencia e enxeñeiros politécnicos:

	Anos
--	------

a) *Escala superior de oficiais de ámbolos dous corpos*

Tenente	2
Capitán	5
Comandante	3
Tenente coronel	3

b) *Escala técnica de oficiais do corpo de Enxeñeiros Politécnicos*

Alférez	1
Alférez/tenente (entre os dous empregos militares)	6
Capitán	5

c) *Militares de complemento adscritos ó corpo de intendencia e á escala superior de oficiais do corpo de Enxeñeiros Politécnicos*

Alférez	2
Tenente	3

	Anos
d) <i>Militares de complemento adscritos á escala técnica de oficiais do corpo de Enxeñeiros Politécnicos</i>	
Alférez	2
Tenente	5

3. Tempo mínimo de función relacionado cos labores específicos do corpo de especialistas:

	Anos
a) <i>Escala de oficiais</i>	
Alférez	1
Alférez/tenente (entre os dous empregos militares)	6
Capitán	5
b) <i>Escala de suboficiais</i>	
Sarxento	5
Sarxento primeiro	4
Brigada	4
c) <i>Militares de complemento adscritos ó corpo</i>	
Alférez	2
Tenente	5

Artigo 34. *Tempos mínimos de mando ou de función na Armada.*

Para ascender ó emprego militar inmediato superior será necesario ter cumpridos os tempos de mando ou de función que, para cada corpo e escala, se dispoñen nos puntos seguintes:

1. Tempo mínimo de mando nos corpos Xeral e de Infantería de Mariña:

	Anos
a) <i>Escala superior de oficiais</i>	
Corpo Xeral:	
Alférez de navío	2
Tenente de navío	4
Capitán de corveta/capitán de fragata (entre os dous empregos)	3
Infantería de Mariña:	
Tenente	2
Capitán	4
Comandante/tenente coronel (entre os dous empregos militares)	3
b) <i>Escala de oficiais</i>	
Corpo Xeral:	
Alférez de fragata	1
Alférez de fragata/alférez de navío (entre os dous empregos militares)	5
Tenente de navío	2

Infantería de Mariña:	
Alférez	1
Alférez/tenente (entre os dous empregos militares)	5
Capitán	2

c) <i>Escala de suboficiais de Infantería de Mariña</i>	
Sarxento	5
Sarxento primeiro	3
Brigada	3

d) <i>Militares de complemento adscritos ós corpos Xeral e de Infantería de Mariña</i>	
Alférez de fragata ou alférez	2
Alférez de navío ou tenente	4

2. Tempos mínimos de función relacionados cos labores específicos do corpo de intendencia e corpo de enxeñeiros:

	Anos
a) <i>Escala superior de oficiais dos corpos de Intendencia e Enxeñeiros</i>	
Alférez de navío ou tenente	2
Tenente de navío ou capitán	5
Capitán de corveta ou comandante	3
Capitán de fragata ou tenente coronel	3
b) <i>Escala técnica do corpo de Enxeñeiros</i>	
Alférez de fragata	1
Alférez de fragata/alférez de navío (entre os dous empregos militares)	6
Tenente de navío	5
c) <i>Militares de complemento adscritos ó corpo de Intendencia e á escala superior de oficiais do corpo de Enxeñeiros</i>	
Alférez de fragata ou alférez	2
Alférez de navío ou tenente	3
d) <i>Militares de complemento adscritos á escala técnica de oficiais do corpo de Enxeñeiros</i>	
Alférez de fragata	2
Alférez de navío	5

3. Tempo mínimo de función relacionado cos labores específicos do corpo de especialistas:

	Anos
a) <i>Escala de oficiais</i>	
Alférez de fragata	1
Alférez de fragata/alférez de navío (entre os dous empregos militares)	6
Tenente de navío	5
b) <i>Escala de suboficiais</i>	
Sarxento	5
Sarxento primeiro	4
Brigada	4

s

	Anos
<i>c) Militares de complemento adscritos ó corpo</i>	
Alférez de fragata	2
Alférez de navío	5

Artigo 35. Tempos mínimos de mando ou función no exército do aire.

Para o ascenso ó emprego militar inmediato superior será necesario ter cumpridos os tempos de mando ou de función que, para cada corpo e escala, se dispoñen nos puntos seguintes:

1. Tempos mínimos de mando no corpo xeral:

	Anos
<i>a) Escala superior de oficiais</i>	
Tenente	2
Capitán	4
Comandante/tenente coronel (entre os dous empregos militares)	3
<i>b) Escala de oficiais</i>	
Alférez	1
Alférez/tenente (entre os dous empregos militares)	5
Capitán	2
<i>c) Escala de suboficiais</i>	
Sarxento	5
Sarxento primeiro	3
Brigada	3
<i>d) Militares de complemento adscritos ó corpo</i>	
Alférez	2
Tenente	4

2. Tempo mínimo de función relacionado cos labores específicos do corpo de Intendencia e do corpo de Enxeñeiros:

	Anos
<i>a) Escala superior de oficiais de ámbolos dous corpos</i>	
Tenente	2
Capitán	5
Comandante	3
Tenente coronel	3
<i>b) Escala técnica de oficiais do corpo de Enxeñeiros</i>	
Alférez	1
Alférez/tenente (entre os dous empregos militares)	6
Capitán	5
<i>c) Militares de complemento adscritos ó corpo de Intendencia e á escala superior de oficiais do corpo de Enxeñeiros</i>	
Alférez	2
Tenente	3

d) Militares de complemento adscritos á escala técnica de oficiais do corpo de Enxeñeiros

Alférez	2
Tenente	5

3. Tempo mínimo de función relacionado cos labores específicos do corpo de especialistas:

	Anos
<i>a) Escala de oficiais</i>	
Alférez	1
Alférez/tenente (entre os dous empregos militares)	6
Capitán	5
<i>b) Escala de suboficiais</i>	
Sarxento	5
Sarxento primeiro	4
Brigada	4
<i>c) Militares de complemento adscritos ó corpo</i>	
Alférez	2
Tenente	5

Artigo 36. Tempos mínimos de función nos corpos comúns das Forzas Armadas.

Para ascender ó emprego militar superior será necesario ter cumpridos os tempos mínimos de función relacionada cos labores específicos de cada corpo que se dispoñen nos puntos seguintes:

1. Tempos mínimos de función nas escalas superiores de oficiais:

	Anos
Tenente	2
Capitán	5
Comandante	3
Tenente coronel	3

2. Tempos mínimos de función na escala de oficiais:

	Anos
Alférez	1
Alférez/tenente (entre ámbolos dous empregos militares)	6
Capitán	5

3. Tempos mínimos de función na escala de suboficiais:

	Anos
Sarxento	5
Sarxento primeiro	4
Brigada	4

4. Tempos mínimos de función dos oficiais de complemento adscritos ós corpos Xurídico Militar e Militar de Intervención e á escala superior de oficiais do Corpo Militar de Sanidade:

	Anos
Alfárez	2
Tenente	3

5. Tempos mínimos de función dos oficiais de complemento adscritos á escala de oficiais do Corpo Militar de Sanidade:

	Anos
Alfárez	2
Tenente	5

CAPÍTULO IV

Cursos de capacitación para o ascenso

Artigo 37. *Normas xerais.*

1. Para poder ascender ós empregos militares de xeneral de brigada/contralmirante, tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais, comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais, suboficial maior, cabo maior, cabo primeiro e, se é o caso, a cabo nas especialidades que determine o xefe do Estado Maior do exército correspondente, será preceptivo supera-lo curso de capacitación correspondente.

Para a asistencia ós cursos de capacitación, indicados no parágrafo anterior, o persoal proposto só poderá ser avaliado unha vez, salvo que a xuízo do xefe do mando de persoal do Exército de Terra, do xefe do mando de persoal do Exército do Aire, do xefe do mando de persoal da Armada ou do director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, concorran circunstancias excepcionais, e neste caso elevará proposta, motivada, de nova avaliación ó xefe do Estado Maior do exército correspondente ou, se é o caso, ó subsecretario de Defensa, que en todo decidirá.

Á conclusión de cada curso, os centros docentes militares que os impartan remitirán as cualificacións obtidas polos concorrentes ó Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, á Xefatura de Persoal da Armada ou ó Mando de Persoal do Exército do Aire, segundo corresponda, ou á Dirección Xeral de Persoal, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, para os efectos da súa incorporación ós seus historiais militares.

O militar de carreira que non supere un curso de capacitación non ascenderá ó emprego militar para o que capacita o curso; unha vez alcanzado o emprego militar anterior ó da capacitación permanecerá neste ata o seu pase á situación de reserva, non poderá ser designado para realizar cursos que non sexan de aplicación específica ó seu emprego militar e terá limitación para ocupar determinados destinos, de acordo coas normas de provisión de destinos en vigor, cesando no que tivese se estivese este afectado pola limitación citada.

Tamén producirá estes efectos a renuncia dos cabos primeiros ó curso de capacitación para o ascenso a cabo maior.

2. Para ser convocados ós cursos de capacitación para o ascenso será necesario atoparse nalguna das seguintes situacións administrativas:

- a) Servicio activo.
- b) Servicios especiais.

c) Excedencia voluntaria, cando o pase a esta situación se producira ó abeiro do punto 1.e) do artigo 141 da lei.

Con carácter previo á asistencia ó curso estarán realizadas as probas psicofísicas previstas para o efecto no Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 944/2001, do 3 de agosto.

Durante a asistencia ó curso tódolos concorrentes se atoparán na situación de servizo activo.

3. Publicaranse no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» as convocatorias dos cursos de capacitación e a relación de concorrentes.

As convocatorias dos cursos de capacitación farán referencia, entre outras, ás zonas da escala que se considerarán para a selección dos asistentes e ó número destes.

Artigo 38. *Designación de militares de carreira concorrentes ós cursos de capacitación para o ascenso.*

1. Os cursos de capacitación para o desempeño dos labores na categoría de oficiais xenerais e nos empregos de tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais e suboficial maior serán de prazas limitadas e efectuaranse avaliacións previas para seleccionalos concorrentes, segundo o proceso seguinte:

a) O ministro de Defensa fixará previamente o número de asistentes a cada curso.

No caso do curso de capacitación para o desempeño dos labores da categoría de oficiais xenerais determinará o número de asistentes de cada exército e de cada un dos corpos comúns das Forzas Armadas.

b) O xefe do Estado Maior do exército correspondente ou o subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, determinará os que deben avaliarse e designará os compoñentes da xunta de avaliación eventual.

c) Efectuada a avaliación pola xunta, esta remitirá o resultado ó consello superior ou xunta superior correspondente, quen, unha vez informada, a elevará ó xefe do Estado Maior do exército respectivo ou ó subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, quen aprobará con carácter definitivo os que deben asistir ós cursos de capacitación para o ascenso ós empregos militares de tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais e de suboficial maior. No caso correspondente á categoría de oficiais xenerais, presentaráa ó ministro de Defensa, a quen corresponde aprobar con carácter definitivo os que deben asistir ó citado curso.

d) Trala aprobación dos que deben asistir a cada curso publicarase a convocatoria, que incluírá o número de prazas aprobado polo ministro de Defensa e a relación de asistentes.

2. As convocatorias para o curso de capacitación para o desempeño dos labores no emprego militar de comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais terán carácter xeral e os compoñentes dunha mesma promoción serán convocados a un mesmo curso.

Artigo 39. *Designación de militares profesionais de tropa e mariñeiría concorrentes ós cursos de capacitación para o ascenso.*

1. O curso de capacitación para o desempeño dos labores de cabo maior será de prazas limitadas. O xefe do Estado Maior do exército correspondente determinará

s o número máximo de concorrentes ás prazas que se convoquen para cada especialidade. Efectuaranse avaliacións previas para seleccionalos concorrentes.

O xefe do Estado Maior do exército correspondente determinará os cabos primeiros que deben avaliarse e designará os compoñentes da xunta de avaliación eventual. Efectuada a avaliación, a xunta de avaliación eventual emitirá informe sobre a relación dos propostos e elevarao ó xefe do Estado Maior do exército correspondente, quen aprobará con carácter definitivo os que deben asistir ó citado curso e ordenará a publicación da convocatoria do curso e a relación dos asistentes no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

2. Os concorrentes ó curso de capacitación para o desempeño dos labores de cabo primeiro e, se é o caso, de cabo serán seleccionados en función das puntuacións obtidas no concurso ou concurso-oposición ó que se fixo referencia no artigo 28 deste regulamento.

Os resultados serán elevados ó mando ou xefatura de persoal do exército correspondente, que aprobará a designación dos asistentes ó curso de capacitación respectivo e ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

Artigo 40. *Aprazamentos.*

1. Os convocados ós cursos de capacitación para o desempeño dos labores na categoría de oficiais xeneais, tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais, comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais, suboficial maior e cabo maior poderán solicita-lo aprazamento ó curso, mediante instancia remitida á autoridade á que se especifique na convocatoria correspondente, por unha soa vez e por razóns excepcionais, debéndolle xuntar á solicitude a documentación xustificativa.

No caso de que algún capitán/tenente de navío da escala superior de oficiais se vise imposibilitado para realiza-lo curso de capacitación co resto dos compoñentes da súa promoción por motivo de enfermidade ou necesidades do servizo, o xefe do Estado Maior do exército correspondente poderá autorizalo a que o realice, finalizada a causa que motivou o aprazamento, coa promoción que para o efecto corresponda. Continuará integrado na súa promoción, polo que a nota final obtida no curso de capacitación terá o tratamento que permita adecuala ás conseguidas polos seus compañeiros de promoción no curso que previamente realizaron, de acordo coas directrices que determine o ministro de Defensa.

2. Os que obteñan aprazamento deberán ser novamente avaliados para seren convocados ós citados cursos, agás os capitáns/tenentes de navío da escala superior de oficiais e aqueles outros cando o aprazamento fose por necesidades de servizo.

Artigo 41. *Renuncias ó curso.*

Publicada a relación de concorrentes a cada curso, abrírase un prazo de quince días para que os interesados que o desexen poidan renunciar.

O militar de carreira que, sendo convocado ó correspondente curso de capacitación, solicite a renuncia a este, non volverá a ser convocado, non ascenderá ó emprego militar para o que capacita o curso, unha vez alcanzado o emprego militar anterior ó da capacitación permanecerá neste ata o seu pase á situación de reserva, non poderá ser designado para realizar cursos que non sexan de aplicación específica ó seu emprego militar e terá limitación para ocupar determinados destinos, de acordo coas normas de provisión de destinos en vigor, cesando no que tivese se estivese este afectado pola limitación citada.

Tamén producirá estes efectos a renuncia dos cabos primeiros ó curso de capacitación para o ascenso a cabo maior.

Artigo 42. *Baixas.*

1. Nos cursos de capacitación para o ascenso a xeneral de brigada/contralmirante, tenente coronel/capitán de fragata das escalas de oficiais, comandante/capitán de corveta das escalas superiores de oficiais, suboficial maior e cabo maior, causarase baixa con opción a unha nova convocatoria por pase ás situacións administrativas de servizos especiais ou excedencia voluntaria, e á de suspenso de funcións no caso de que se deixe sen curso ulterior un procedemento, a sentenza fose absolutoria, a terminación do expediente gubernativo resulte sen declaración de responsabilidade ou a pena, xa sexa principal ou accesoria, non leve consigo a perda de emprego, a inhabilitación absoluta ou a inhabilitación especial para emprego ou cargo público e, ademais, a dita pena se cumprira na súa totalidade.

Os militares de tropa e mariñeiría que fosen concorrentes a un curso de capacitación e se visen inmersos nalgunha das situacións descritas no parágrafo anterior causarán baixa neste, sen que se lles contabilice como unha das tres convocatorias que establecen os artigos 123 e 124 da Lei 17/1999, do 18 de maio.

Causarase baixa, con opción a unha nova convocatoria, cando se produzan faltas de asistencia por motivo xustificadas que superen as porcentaxes que se determinen na convocatoria.

Os que causen baixa con opción a unha nova convocatoria deberán ser novamente avaliados para seren convocados ós citados cursos.

2. Nos citados cursos causarase baixa, sen opción a unha nova convocatoria, por algunha das seguintes causas:

- Faltas de asistencia sen motivo xustificadas nas porcentaxes que se determinen na convocatoria.
- Renuncia.
- Pase á situación de suspenso de emprego.
- Pase á situación de suspenso de funcións, cando non se dean as causas citadas no número 1 deste artigo.
- Pase á situación de reserva.

O militar de carreira que cause baixa sen opción a unha nova convocatoria polas causas a), b), c) e d) non ascenderá ó emprego militar para o que capacita o curso, unha vez alcanzado o emprego militar anterior ó da capacitación permanecerá neste ata o seu pase á situación de reserva, non poderá ser designado para realizar cursos que non sexan de aplicación específica ó seu emprego militar e terá limitación para ocupar determinados destinos, de acordo coas normas de provisión de destinos en vigor, cesando no que tivese se estivese este afectado pola limitación citada.

O militar profesional de tropa e mariñeiría que cause baixa no curso de capacitación para o ascenso a cabo primeiro e, se é o caso, a cabo, polas causas a), b), c), d) especificadas anteriormente, contaralle como unha das tres convocatorias que establecen os artigos 123 e 124 da Lei 17/1999, do 18 de maio.

CAPÍTULO V

Soldado ou mariñeiro de primeira

Artigo 43. *Promoción a soldado ou mariñeiro de primeira.*

1. No emprego de soldado ou mariñeiro existirá, como distinción, o grao de soldado ou mariñeiro de primeira, sen efectos retributivos.

2. O soldado ou mariñeiro de primeira desempeñará os labores e servicios propios do emprego de soldado ou mariñeiro.

3. Para a concesión do grao de soldado ou mariñeiro de primeira, os xefes de unidade, centro ou organismo proporán ó xefe do Estado Maior do exército respectivo a aqueles soldados ou mariñeiros que, levando polo menos dous anos de servicio continuado no destino, destaquen, en función do seu historial militar, polo seu alto sentido da disciplina, extraordinaria dedicación, esmerada preparación e espírito de superación, así como que se fixeran acredores a un alto grao de confianza e aprecio dos seus mandos.

4. O procedemento descrito no punto anterior iniciarse por orde do xefe do Estado Maior do exército respectivo, que será quen conceda o grao e ordene a súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

TÍTULO III

Recursos e propostas

Artigo 44. *Recursos.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas no presente regulamento, os militares profesionais poderán interpoñer recurso dealzada ante o órgano superior xerárquico de quen os dictou.

2. Contra os actos e resolucións adoptados, en exercicio das competencias atribuídas neste regulamento, polo Consello de Ministros e polo ministro de Defensa, que non sexan resolución dun recurso de alzada, poderá interpoñerse recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa.

3. Nos procedementos en materia de avaliacións e ascensos nos que medie solicitude do persoal das Forzas Armadas, se a Administración non notificase a súa decisión no prazo de tres meses ou, se é o caso, no establecido no correspondente procedemento, considerárase desestimada a súa solicitude, quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

Artigo 45. *Propostas.*

O militar profesional poderá dirixirse directamente ó Consello Asesor de Persoal do seu exército ou ó da Dirección Xeral de Persoal, no caso de que se trate de persoal pertencente ós corpos comúns das Forzas Armadas, para formular propostas ou suxestións sobre os temas que se regulan neste regulamento. Quedan excluídas desta vía as peticións, queixas e recursos regulados no capítulo V do título XII da Lei 17/1999, do 18 de maio.

Disposición adicional primeira. *Limitación para o ascenso e perda de postos na escala.*

Os militares de carreira que, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, tivesen limitación legal para alcanzar determinados empregos militares ou que sufrisen perda de postos na escala por aplicación da normativa anterior manterán estas limitacións.

Disposición adicional segunda. *Gradación e antigüidade dos militares de carreira afectados pola disposición adicional oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio.*

Os suboficiais afectados pola disposición adicional oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio, ó ascenderen

a tenente, recoñeceráselle-la antigüidade e tempo de servicios desde a data de entrada en vigor da Lei 17/1999, de 18 de maio, e os efectos económicos desde a data de ascenso.

A orde de escala na situación de reserva dos suboficiais que ascenderan a tenente por aplicación da disposición adicional oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio, fixarase segundo a orde xerárquica do emprego alcanzado na situación administrativa de servicio activo, e dentro de cada emprego pola antigüidade que se teña neste.

Disposición transitoria primeira. *Normas de avaliación e clasificación.*

As normas para a avaliación e clasificación do persoal militar profesional, aprobadas pola Orde ministerial 24/1992, do 30 de marzo, as instrucións que a desenvolven, así como a Orde ministerial 65/1996, do 27 de marzo, que establece o número máximo de ciclos en que se pode ser avaliado para o ascenso por elección, na redacción dada pola Orde ministerial 159/1998, do 30 de xuño, continuarán en vigor ata a aprobación de novas disposicións ó respecto.

Disposición transitoria segunda. *Tempos mínimos de servicios, de mando e de función.*

Os tempos mínimos de servicios, de mando e de función que se esixirán para o ascenso ó emprego militar inmediato superior ó que se desempeñe á entrada en vigor do presente regulamento serán os especificados no Regulamento xeral de avaliacións, clasificacións e ascensos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 1622/1990, do 14 de decembro, se diso se deriva beneficio para o ascenso.

Cando os tempos mínimos de mando ou de función para o ascenso se esixan entre dous empregos militares consecutivos, e estes xa se cumprisen ou se estivesen a cumprir á entrada en vigor do presente regulamento, serán os especificados no Regulamento xeral de avaliacións, clasificacións e ascensos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 1622/1990, do 14 de decembro, se diso se deriva beneficio para o ascenso.

Disposición transitoria terceira. *Amortización de vacantes.*

Os excedentes que existan en calquera emprego militar por calquera causa, incluída a modificación dos cadros de persoal regulamentarios, amortizaranse, non dando ó ascenso as seguintes vacantes:

- a) Nos empregos militares das categorías de oficiais xenerais, a primeira que se produza de cada dous.
- b) Nos restantes empregos militares, a primeira que se produza de cada tres.

Disposición transitoria cuarta. *Acceso a relación de carácter permanente.*

Durante os anos 2001 e 2002, para participar nos procesos de selección para acceder á relación de servicios de carácter permanente, requirirase un mínimo de tempo de servicios de nove anos, cumpridos o 1 de xaneiro do ano da convocatoria e as demais condicións que se establezan, sen que durante ese período sexan de aplicación os requisitos sinalados no artigo 96 da Lei 17/1999, do 18 de maio.